

xardín desordenado





xardín desordenado

No outono de dous mil oito, uns músicos de Vigo decidiron recorrer librerías e bibliotecas, na procura de palabras as que lle poñer música. A selección resultante non obedeceu a criterios cronolóxicos, estéticos ou temáticos, senón á inspiración (as veces provocación) que os poetas producían nos "exploradores",

Uns meses máis tarde, ao solpor dos venres, reuníanse nunha casa do Morrazo, onde consumiron abundantes velas e café, lapiseiros e papeis pautados, e onde compartiron o pracer da lectura e unha tenaz loita coas harmonías, xa que ningunha lles parecía digna dos textos poéticos. A un deles a situación recordoulle o club dos poetas mortos, ("aínda que con guitarras e sen suicidio" combíñalle outro).

Coas primeiras luces do sábado, abandonaban a casa, esgotados as veces, eufóricos as menos e, polo camiño da Misandía, discutían aínda acerca dos últimos acordos, acerca dos últimos versos, mentres se cruzaban coas mulleres da primeira misa - e coas irafías impulsadas polos remeiros da Sociedade Deportiva Tirán.

No peirao de O Con despedían a Mariene, entre un barullo de abrazos. Despois, ela collía o seu coche e iniciaba o viaxe a Morrazón, e -orlos de Mariene- os demais compartían en La Orensana o último café da noite, o primeiro café do día.

Ao final do verán de dous mil nove deron por finalizado o traballo (obedecendo a un poder descoñecido, tal vez o mesmo que lles ordenara comezalo). Para poñerlle título, recorreron a unha expresión -Xardín Desordenado- contida nun poema de Daniel Salgado ("Total, postos a rouber...", diboxeon), e logo dispuxéronse a cantarlle -a quen quixera escoitalas- as palabras dos escribas da tribo.

Obxectivo do Proxecto

O obxectivo de Xardín Desordenado é promover á poesía galega, concretada nos dezaseis poemas musicados, que pola variedade xeracional e estilística, pode constituir un mostrario significativo. Xa noutras ocasións, a música tense demostrado como un eficaz vehículo para a transmisión da poesía.

Plantexamento Musical

A diversidade dos poetas, reflíctese nunha variedade rítmica e harmónica das composicións musicais. Así, Os Eidos (Uxío Novoneira), inspirou unha composición melancólica; Métodos para alogar un Cieme (Saxio Iglesias) un blues urbano. Nana (Xosé María Álvarez Blázquez) foi tratada con un delicado 3x4. O romanticismo de Tomura, (Manuel María), deu pé a un bolero. O sarcasmo de A vida ía en serio (Manuel Pereira Valcárcel), inspirou un swing.

Os músicos proceden do Jazz e do Blues, e participaron tamén en formacións (Mutenrohi , Isga Collective, Cristina Pato, Susana Selvano) do denominado "novo folk galego". Esa traxectoria común, é a que proporciona coherencia sonora ao proxecto, a pesar da diversidade rítmica das composicións, á que nos referimos no parágrafo anterior.

Mariño Rodríguez: Voz
Blas Segura: Bateria
Isaac Garabalco: Guitarras e teclados
Santiago Ferragud: Voz
David González: Bateria e percusións





SUL producciones
Unzue 61, 1ª oficina 3
36201 Vigo (Spain)

(+34) 986 132 219

(+34) 885 811 008

info@sulproducciones.com

www.sulproducciones.com

www.myspace.com/sulproducciones

www.youtube.com/sulproducciones